

CUESTIONARIO DE ESTADÍSTICA

1. ¿O que é a rexión crítica dunha curva de distribución?
A rexión crítica dunha curva de distribución é a zona da curva de distribución en que se rexeita a hipótese nula e na que está contido o erro.
2. ¿O que mide o coeficiente de correlación?
A relación entre diferentes variables.
3. ¿A que fan referencia os grados de liberdade nunha táboa de continxencias?
Fai referencia ao número de celdas que poden ser fixadas cando todas as filas e columnas permanecen fixas.
4. ¿O que mide o coeficiente de Spearman?
Dúas variables aleatorias continuas.
5. ¿Que medidas de dispersión coñeces?
Varianza, desviación típica, covarianza.
6. ¿En que consiste o contraste de hipóteses?
Consiste en analizar se os resultados obtidos nun mostreo poden ser xeneralizados ou non á poboación.
7. ¿Que é a Chi cadrado de Pearson?
A proba χ^2 de Pearson é considerada unha proba non paramétrica que mide a discrepancia entre unha distribución observada e outra teórica.
8. ¿Para que se utiliza o coeficiente de correlación de Spearman?
Para medir a relación que existe entre as variables de tipo ordinal.
9. ¿Que significa que o coeficiente de correlación sexa a unidade?
Que as variables están relacionadas de forma lineal exacta, o que significa que $X=Y$.
10. ¿A que chamamos erro relativo dunha estimación?
O erro relativo dunha medida é o cociente entre o erro absoluto da medida e o valor real desta, adoita expresarse en %.
11. ¿O que é a marca de clase?
A marca de clase é o valor que representa a todo o intervalo para o cálculo de algúns parámetros como a media aritmética ou a desviación típica.
12. ¿O que é a mediana?
A mediana representa o valor da variable de posición central nun conxunto de datos ordenados.
13. ¿O que é a covarianza?
É un valor que indica o grao de variación conxunta de dúas variables aleatorias, tamén é o dato básico para determinar se existe unha dependencia entre ambas as dúas variables e ademais é o dato necesario para estimar outros parámetros básicos, como o coeficiente de correlación lineal ou a recta de regresión.
14. ¿O que estuda o Índice de Prezos ao Consumo IPC?
A evolución dos produtos e servicios que adquiren os consumidores.
15. ¿O que indican as medidas de dispersión?
Indican a media dos valores absolutos das desviacións dos termos de distribución respecto a súa media aritmética e tamén mide a distancia de todos os valores respecto a súa media estadística.
16. ¿O que indican as medidas de tendencia central?
A media, a mediana e a moda.
17. ¿O que é a Demografía?
É a ciencia que ten como obxectivo o estudo das poboacións humanas e que trata da súa dimensión, estrutura, evolución e características xerais, considerados desde un punto de vista cuantitativo.

18. ¿O que nos sinala a forma da pirámide de poboación?
As idades dos sectores de poboación da zona xeográfica onde se realice
19. ¿Que é o erro de tipo I?
É un erro que se comete cando o investigador non acepta a hipótese nula sendo esta verdadeira na poboación.
20. No proceso de toma de decisións, ¿cando se rechazaría a hipótese nula?
No momento no que o investigador chega a conclusión de que existe unha diferenza entre as hipóteses cando en realidade non existen
21. ¿O que son os números índice?
Son unha medida estadística usada para estudar os cambios producidos ao comparar dúas situacións.
22. ¿Que medidas de tendencia central coñeces?
Moda, media e mediana.
23. Para que serve o coeficiente de Spearman?
Xera un coeficiente que se utiliza para medir a relación existente entre as distintas variables de tipo ordinal.
24. ¿Cal é o obxecto da Estatística Descritiva?
Obter e representar de forma resumida a información, facilitando así súa interpretación e o análise dos datos.
25. ¿O que son as variables continuas?
Son variables cuantitativa que pode tomar valores comprendidos entre dous números.